

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O ILUSTRE COLEXIO OFICIAL VETERINARIO DE PONTEVEDRA PARA A IDENTIFICACIÓN DE GANDO EQUINO EN RÉXIME DE LIBERDADE OU SEMILIBERDADE NO ANO 2020.

En Pontevedra, 31 de xullo de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, D.^a María del Carmen Silva Rego, na súa condición de presidenta da Deputación de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que lle atribúen os artigos 105-1º a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e 34.1,b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Da outra, D. Luis Nuñez Desiré, con DNI 35.295.117-F, na súa condición de presidente do Colexio Oficial Veterinario de Pontevedra (COV Pontevedra), conforme as atribucións que lle confire o Real Decreto 126/2013, do 22 de febreiro, dos Estatutos xerais da organización colexial de veterinaria española no seu artigo 25 (BOE do 9 de marzo de 2013).

Da fe do acto D. Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Interveñen, en función dos seus cargos e no exercicio das facultades que en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose capacidade legal bastante para a celebración do presente convenio de colaboración, polo que,

EXPOÑEN

Que a existencia de gando equino en réxime de liberdade ou semiliberdade nos montes da provincia de Pontevedra constitúe un sinal de identidade dos sistemas tradicionais de explotación gandeira que debemos preservar.

Que este sistema de crianza, baseado fundamentalmente no pastoreo dos escasos recursos alimenticios dos montes, fai que estas explotacións presenten unha escasa rendibilidade económica dado o escaso valor cárnico destes animais, tanto polo seu fenotipo como polo limitado acceso aos recursos alimenticios.



Que a normativa comunitaria estableceu a obrigación da identificación oficial de todos os équidos (animais do xénero Equus e as súas cruces), a través das Directivas 90/427/CEE e 2009/156/CE no que se refire aos métodos de identificación dos équidos (DOUE núm. 59 do 3 de marzo de 2015), o Real Decreto 676/2016, do 16 de decembro, no que se regula o sistema de identificación e rexistro dos animais da especie equina e o Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoosanitaria dos animais equinos en Galicia (DOG núm. 129, do 06 de xullo de 2012).

Que a Deputación de Pontevedra está firmemente comprometida no mantemento deste tipo de explotación gandeira dado, entre outros, o seu valor etnográfico, turístico e medioambiental, que debe ser compatible con respecto ás normativas vixentes sobre identificación equina, co fin de diminuír en todo o posible o custo que esta identificación supón para os titulares destas poboacións equinas, estima a necesidade de colaborar no posible en preservar este sistema de cría e a escasa rendibilidade económica que este tipo de gando representa para os seus propietarios

Que as partes, co fin de posibilitar a colaboración entre ambas entidades, acordan establecer o presente convenio que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto e ámbito do convenio

O obxecto do presente convenio é a identificación do gando equino das explotacións gandeiras en liberdade ou semiliberdade rexistradas na provincia de Pontevedra, reducindo todo o posible o custo que esta identificación supón para os titulares destas poboacións.

Segunda.- Desenvolvemento da actividade

O sistema de identificación de équidos previsto consta dos seguintes elementos:

- Documento de identificación permanente único (pasaporte), que será válido para toda a vida do animal, identificado mediante un “número permanente único” de 15 díxitos que figura en todas as páxinas do pasaporte. Reúne información sobre cada animal, a base de datos, a comunidade autónoma e o país onde se rexistrou o animal por primeira vez.



- Método de identificación electrónica (microchip) para garantir un vínculo inequívoco entre o documento de identificación e o animal. Consistirá na implantación dun microchip no medio do pescozo. Este microchip ou transpondedor transmite un código numérico cando se activa mediante o lector electrónico, e devandito código debe reflectirse no pasaporte.
- Base de datos onde se rexistren os detalles identificativos do animal (SIREGAL).
- Tarxeta de movemento equino (TME) consonte o Real Decreto 577/2014, do 4 de xullo, polo que se regula a tarxeta de movemento equina, editada pola Fábrica Nacional de Moeda e Timbre (FNMT).

Esta identificación debe ser obrigatoriamente realizada por veterinarios autorizados pola Consellaría de Medio Rural que determinou que as actuacións de identificación individual dos équidos de crianza e rendemento identificados en Galicia fora levada a cabo polos veterinarios en exercicio libre da profesión colexiados nos Colexios Oficiais Veterinarios a proposta do Consello Galego de Colexios Veterinarios.

Terceira.- Compromisos a cumprir polo Ilustre Colexio Oficial Veterinario

O Ilustre Colexio Oficial Veterinario comprométese a:

- a) Desenvolver integramente a identificación do gando equino previsto neste convenio.
- b) Deberá informar regularmente á Deputación de Pontevedra da marcha das actividades relacionadas co obxecto do presente convenio, a través da comisión de seguimento á que fai referencia cláusula sétima.
- c) Presentar unha memoria final na que se recollerá a información máis relevante sobre o programa executado que incluírá, cando menos, número de animais identificados, localización e gandería á que pertencen, nome da persoa ou persoas que levaron a cabo as accións, as incidencias se as houbera, e calquera outra cuestión de relevancia que a organización estime conveniente resaltar.
- d) Fará constar, expresamente e de xeito visible, en calquera dos medios que se empreguen para a difusión do programa, que este se realiza co financiamento da Deputación de Pontevedra, incorporando para iso o logotipo institucional.



- e) Dar cumprimento ao recollido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, en relación coa subcontratación das actividades subvencionadas.

Cuarta.- Contía económica para o desenvolvemento do convenio

A contía da axuda será de SEIS MIL EUROS (6.000,00 €), que serán abonados ó beneficiario con cargo á aplicación 20/410.4190.489.01, do vixente orzamento provincial.

Quinta.- Xustificación da subvención

A documentación xustificativa a presentar polo beneficiario previa á realización do pago final será a seguinte:

- a) Conta xustificativa dos gastos, na que figurará a relación do custo ou gasto total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo.
- b) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo dos custos ou gastos polo importe da subvención concedida.
- c) Declaración responsable de que os gastos que figuran na conta xustificativa se aplicaron á finalidade subvencionada. Así mesmo, indicárase que o resto de xustificantes da conta estarán a disposición da Deputación para o seu exame no caso de que sexa requerida.
- d) Memoria explicativa e detallada da realización da finalidade.
- e) Declaración das axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, na que se indicará de ser o caso, a entidade concedente, data e importe total concedido.
- f) Declaración responsable de non estar a beneficiaria incurso en ningunha das causas previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para ser beneficiaria desta axuda.
- g) Xustificación da divulgación do financiamento da actividade por parte da Deputación.



Sexta.- Duración do convenio

A duración do convenio establécese desde a da data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

A data límite para a presentación da xustificación das actuacións obxecto do convenio será ata o 31 de xaneiro de 2021.

Sétima.- Seguimento

Para o seguimento, coordinación, vixilancia e control da execución do obxecto deste convenio, así como a resolución de dúbidas e resolución de conflitos que poidan producirse na súa interpretación, crearase unha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes, un dos cales terá carácter técnico, sen prexuízo de que poida solicitarse, de mutuo acordo, a presenza puntual doutros membros e/ou asesores. Esta comisión encargarase de:

- A interpretación, supervisión e control do contido deste convenio.
- Elevar as propostas que se elaboren aos órganos competentes das dúas partes.

Con independencia dos traballos que realice a Comisión de Seguimento, a Deputación Provincial de Pontevedra establecerá, como medida de garantía a favor dos intereses públicos, os mecanismos de control que estime necesarios para asegurar o cumprimento da finalidade perseguida neste convenio.

A Comisión de Seguimento reunirse cando o estime conveniente o seu responsable, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar no Pazo Provincial da Deputación de Pontevedra como regra xeral. Na reunión constituínte da Comisión de Seguimento designarase ao seu responsable e ao seu secretario que levantará acta das súas reunións. En defecto de acordo, a presidenta da Deputación sinalará o responsable da Comisión que actuará en calidade de presidenta ou presidente.

Para iso, a Deputación Provincial de Pontevedra, a través do Servizo de Intervención, poderá someter a control financeiro esta subvención tal como establécese no artigo 44 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e no artigo 31 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación.



Este control terá por obxecto verificar:

- a.- A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte das entidades e persoas beneficiarias.
- b.- O cumprimento por parte das persoas beneficiarias e entidades colaboradoras das obrigas de xestión e aplicación das subvencións.
- c.- A adecuada e correcta xustificación das subvencións e a consecución dos obxectos das subvencións.
- d.- A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polas entidades e persoas beneficiarias e colaboradoras, foron financiadas coa subvención.
- e.- O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.
- f.- A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración por parte dos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.

Nese sentido, as persoas ou entidades beneficiarias deben pagar os seus acredores durante o período de realización da finalidade subvencionada, deberán facelo preferentemente por medio de instrumentos de entidades financeiras e será obrigatorio cando o importe supere os novecientos euros.

Non obstante, as persoas ou entidades beneficiarias que teñan dificultades de tesourería poderán pagar unha vez cobren a subvención, debendo realizar o pagamento no prazo máximo dun mes desde que se produza este cobro.

Así mesmo, a información sobre a subvención concedida neste convenio será remitida ao Consello de Contas en aplicación do artigo 53 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e da súa normativa de desenvolvemento (Instrución do Tribunal de Contas - Resolución do 2 de decembro de 2016).

Oitava.- Extinción do convenio

Este convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en algunha das causas de resolución.

Ademais das expresadas na normativa vixente, as causas de resolución serán:



- O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.
- O mutuo acordo das partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes asinantes.

Neste caso, notificarase á parte incumpridora un requirimento para que no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

O incumprimento e a resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a súa liquidación ao obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, as súas responsabilidades, e á indemnización dos prexuízos causados no seu caso, que se clarearán, en primeira instancia, pola Comisión de Seguimento.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa que faga inviable a continuación das actuacións obxecto deste convenio, previa comunicación e tratamento pola Comisión de Seguimento.

Novena.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerese pola a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, e demais lexislación en materia de réxime local, polos pactos que se conteñen neste convenio, Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación, as Bases de execución do orzamento da Deputación, e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto as normas de dereito privado.

Este Convenio non comporta relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre as partes máis aló das cláusulas recollidas no convenio, de forma que non se poderá esixir ningunha responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento. As partes comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo e no caso de aparición de discrepancias que non puideran solventarse a través da Comisión de Seguimento, acordan a submisión do presente



Convenio á orde xudicial contencioso-administrativa e expresamente ós xulgados do contencioso de Pontevedra.

Décima.- Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, se deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou do exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable” dispoñible na ficha do procedemento en <https://sede.depo.gal>.

Serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias, ou cando sexa necesario para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia, os datos persoais obtidos neste procedemento

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

E, en proba de conformidade co ata aquí exposto, os comparecentes conveñen en asinar o presente documento, no lugar e data expresados no seu encabezamento.

Asina, o convenio a Deputada da Área de Transición Ecolóxica e Medio Ambiente, Dona Iria Lamas Salgueiro, por delegación da Presidenta (RP 2020001814 de 28 de xullo de 2020)

Asinado dixitalmente

